X ANIVERSARIO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL *"XOSÉ CARDESO LIÑARES"* (1998 – 2008)

PRESENTACIÓN DO LIBRO " *POZO DA FERIDA*", DE MEDOS ROMERO

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo **mércores 19** de novembro de 2008, ás 20.00 h, na Biblioteca de Poesía "Uxío Novoneyra", sita no Pazo de Vila Melania (Vilaboa - Culleredo) o acto de presentación do libro *O pozo da ferida*, da poeta e narradora Medos Romero, co que obtivo o XII Premio "Miguel González Garcés" de Poesía, convocado pola Deputación da Coruña, no ano 2006.

No transcurso do acto tomarán a palabra Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura, Carlos Pereira Martínez, historiador, e Medos Romero, autora.

Este acto enmárcase dentro do programa de actividades en conmemoración do X Aniversario da creación da Biblioteca "Xosé Cardeso Liñares" de Vilaboa (1998-2008).

Medos Romero, en palabras de Armando Requeixo, prologuista do libro, "é unha desas autoras que calquera literatura sempre necesita, pois escribe dende a conciencia e a asunción radical dun proxecto literario interiorizado e perfectamente orquestrado".

Respecto ao poemario, dinos que "non é esta unha poesía para a compracencia, para a contemplación romántica dun mundo edénico. Todo o contrario. As veas da humanidade que de desangra, das mulleres do mundo que sofren longo unha historia sexista de barbarie e abusos paira en cada un destes versos".

Datos biográficos

Medos Romero naceu en 1959 en Somede (As Pontes). Logo de cursar estudos elementais en Melide diplomaríase en Enfermería na Universidade de Santiago. Traballa como enfermeira no hospital "Arquitecto Marcide" de Ferrol e reside en Valdoviño.

Participou en libros colectivos como *Narradoras*, *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra*, *Deixade pois que voe o paporroibo, que nos conte contos*, ou Antoloxía de mulleres poetas do século XX (este publicado pola Universidade de San Petersburgo). Ten dado á luz poemas en xornais como *Galicia Hoxe* ou revistas como *A Xanela* ou *Fiestra da Palabra Silenciada*. Ten participado en numerosos

recitais e como xurado en diversos certames literarios, así como nalgúns dos Encontros de Escritores/as “Galeuska”.

Ten publicados os seguintes libros:
Poesía: *Rendéome o tempo* (ed. autora, 1998), *Ámome en por min* (Espiral Maior, 1999), *O peso da derrota* (Espiral Maior, 2000), *Lenzo das madrugadas* (Follas Novas, 2003), *A seitura dos tristes* (Follas Novas, 2006), *O pozo da ferida* (Deputación da Coruña, 2006).

Narrativa: *Dubido se matei a Lena* (Xerais, 2000), *O trevo da sorte* (Baía edicións, 2003).

Culleredo, 18 de novembro de 2008.
O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez